



C O N C E L L O
DE
PONTEDEUME

SOLICITUDE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA

URB 03

| | | | | | | | | | |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|--|--------------------|--|-----------------|-----------|-------|-------|--|
| INTERESADO/A | | | | | | | | | |
| Nome e apelidos ou Razón Social | | | | | | | | | |
| DNI/CIF | | | | | | | | | |
| Enderezo efectos de notificación: Rúa/Avda./Praza/Lugar | | | | | Núm. | Escaleira | Andar | Porta | |
| CP | Concello | | | | Provincia | | | | |
| Teléfono | Fax | | Correo electrónico | | | | | | |
| REPRESENTANTE | | | | | | | | | |
| Nome e apelidos ou Razón Social | | | | | | | | | |
| DNI/CIF | | | | | | | | | |
| Enderezo efectos de notificación: Rúa/Avda./Praza/Lugar | | | | | Núm. | Escaleira | Andar | Porta | |
| CP | Concello | | | | Provincia | | | | |
| Teléfono | Fax | | Correo electrónico | | | | | | |
| DATOS DA PARCELA OU EDIFICACIÓN | | | | | | | | | |
| Referencia catastral (RC) | | | | | | | | | |
| Rúa/ Lugar | | | | | Núm./Km | Escaleira | Andar | Porta | |
| Polígono | Parcela | | Localización | | | | | | |
| DESCRIPCIÓN DAS OBRAS | | | | | | | | | |
| Descrición das obras | | | | | | | | | |
| Outras solicitudes relacionadas coa presente (<i>marcar cun X</i>) <input type="checkbox"/> Ocupación de vía pública <input type="checkbox"/> Modificación das instalacións públicas <input type="checkbox"/> Outras (<i>especificar</i>): <input type="checkbox"/> Ningunha | | | | | | | | | |
| ORZAMENTO DAS OBRAS | | | | | | | | | |
| Orzamento de execución material | | | | | Orzamento total | | | | |
| AUTORIZACIÓN | | | | | | | | | |
| Para os efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, AUTORIZO á administración destinataria deste escrito á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver. | | | | | | | | | |
| COMPROMISO | | | | | | | | | |
| Para os efectos da normativa sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (R.D. 1627/1997, do 24 de outubro), COMPROMÉTOME ao cumprimento da medidas de seguridade e saúde legalmente esixibles. | | | | | | | | | |
| Para os efectos da normativa sobre xestión de residuos de construción e demolición. (RD 105/2008, do 1 de febreiro), COMPROMÉTOME ao cumprimento da medidas legalmente esixibles. | | | | | | | | | |



C O N C E L L O
DE
P O N T E D E U M E

SOLICITUDE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA

URB 03

Don/a _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesto no presente escrito e que achego a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTO (marcar cun X)

- Memoria explicativa das obras a realizar (indicando materiais, cores de acabado, etc.)
- Croquis explicativo da actuación a realizar indicando medidas (acoutado de distancia ao eixo da pista, alturas, recuamento a lindes, etc.)
- Orzamento detallado das obras a realizar
- Reportaxe fotográfica da parcela e do contorno
- De ser o caso, proxecto técnico esixible legalmente asinado por técnico competente (para obras consideradas como "obra maior" segundo a Lei 9/2002, de 30 de decembro)
- De ser o caso, declaración responsable ou certificación do técnico redactor no que figuren os datos persoais e profesionais e se acredite non estar inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade
- Copia das autorizacións e informes sectoriais preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que conta con todos os permisos necesarios
- Documentación e autorización ou declaración ambiental/paisaxística que proceda
-
-
-
-

E SOLICITO que, previos os trámites oportunos, se me teña por presentada a COMUNICACIÓN PREVIA PARA LEVAR A CABO DITAS OBRAS, comprometéndome a facer efectivo, en tempo e forma legais, os tributos municipais correspondentes.

O que asino de xeito responsable, en Pontevedra, _____ de _____ de _____

Asinado o interesado

Asinado o representante



C O N C E L L O

DE

P O N T E D E U M E

SOLICITUDE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA

URB 03

DESCRIPCIÓN

Estarán suxeitos a licenza municipal previa, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación aplicable, os seguintes actos de uso do solo e do subsolo:

- a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- b) As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- c) As demolicións.
- d) Os muros de contención de terras.
- e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- f) Os parcelamentos, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelamento urbanístico.
- g) A primeira ocupación dos edificios.
- h) A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.
- i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a corta derive da lexislación de protección do dominio público.

Estarán, así mesmo, suxeitos a licenza municipal previa as obras que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público e por razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública ou protección do medio.

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se estableceran nas leis.

A presentación de esta solicitude/declaración/comunicación non dispensa de obter as concesións, autorizacións, licenzas ou permisos que impoñan outras normas. Faise especial mención ás autorizacións de organismos sectoriais preceptivas e previas ao inicio das obras tramitadas a través no Concello.

INSTRUCCIÓN DE CUMPRIMENTACIÓN

1. Cubrir a máquina ou con letra maiúscula
2. Datos identificativos do solicitante:
 - a. Persoa física: DNI (ou equivalente). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente a representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
 - b. Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación.
 - c. Comunicade de propietarios: DNI do presidente ou do administrador e documentación acreditativa da representación.
3. Deberase identificar a parcela de forma inequívoca mediante referencia catastral e, de ser o caso, documentación gráfica complementaria.
4. Especificarase claramente as obras a realizar e concretando a súa localización. Se existe ocupación de vía pública e/ou afecta a instalacións públicas, solicitarase a pertinente autorización en solicitude á parte.
5. Unha vez cumprimentada a solicitude, presentarse no Rexistro Xeral do Concello, xunto coa documentación esixida.

Lembre imprimir o impreso a dobre cara.



C O N C E L L O

DE

PONTEDEUME

SOLICITUDE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA

URB 03

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos esixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

A comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos/as técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado. Tampouco limita o exercicio das potestades administrativas de inspección e disciplina para o caso de incumprimento.

A inexactitude, falsidade u omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa conleva, previa audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que procedera impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano.

Respecto aos requirimentos de documentación en relación coa solicitude, e por ser preciso para a súa tramitación, notifícase que segundo o art. 71.1.da Lei 30/1992, do 26 de decembro, LRPAC, dispón dun prazo de 10 días para achegar a documentación solicitada. De non achegar a documentación no dito prazo considerarase desistido da petición, previa resolución dictada ao abeiro do art. 42 da LRPAC.

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Estes datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos seus datos, comunicándollo por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

Para máis información pode vostede contactar co Departamento de Urbanismo:
Foremdes
Av. Ricardo Sánchez nº6
CP 15600

